

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 a elaboración da programación das ensinanzas impartidas como a primeira das funcións docentes. Este documento será o eixe vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2025/2026.

Esta programación didáctica encádrase na área de Matemáticas, cuxo obxectivo xeral é a alfabetización matemática do alumnado, é dicir, a adquisición dos coñecementos, as habilidades e as destrezas necesarias para aplicar a perspectiva e o razoamento matemático na formulación dunha situación-problema próxima ao seu contexto cotián, seleccionar as ferramentas adecuadas para a súa resolución, interpretar as solucións en contexto e tomar decisións estratéxicas.

O centro no que se vai desenvolver é un centro público de Educación Infantil e Primaria de liña 1 con 9 unidades (3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria). Este está situado nun ambiente rural e conta cunha gran variedade de zonas naturais. O alumnado para o cal vai destinada dita programación é o de 1º de Educación Primaria, polo que comprende os 6 anos de idade. Concretamente a un grupo de dezaseis nenas e nenos (8 nenos e 8 nenas). Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas desta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa anterior, pero seguen amosando pouca capacidade para poñerse no lugar dos outros e respectar as normas dos xogos. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. O alumnado, na súa maioría, procede do propio centro e o restante de nova incorporación procede do CRA Mestre Manuel Garcés. Hai que salientar que, no conxunto aula, atópanse alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, recollendo na mesma medidas adaptadas ás particularidades dos mesmos.

A situación do centro permítenos aproveitar a multitude de recursos que ofrece a localidade, como a Carballeira do Centro, as murallas do río Miño... Así como as instalacións que oferta o mesmo, coma as canchas, pistas deportivas, o... Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os contidos da área.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os 6 bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, " Sentido numérico "; o bloque número 2, " Sentido da medida "; o bloque número 3, " Sentido espacial "; o bloque número 4, " Sentido alxébrico e pensamento computacional "; o bloque número 5 "Sentido estocástico" e o bloque número 6 "Sentido socioemocional". Deste xeito, a ensinanza das matemáticas ten como obxectivo o desenvolvemento máximo das potencialidades en todo o alumnado fomentando o interese polas matemáticas e, por outra banda, a alfabetización matemática, é dicir, a adquisición dos coñecemento, as habilidades e as destrezas necesarias para aplicar a perspectiva e o razoamento matemático na formulación dunha situación-problema próxima ao seu contexto cotián, sendo qquen de seleccionar as ferramentas e as estratexias máis axeitadas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantas cousas!	Esta primeira proposta do curso é para achegar ao alumnado a seriación, o conteo, a decena, a discriminación e identificación de formas. Abordaremos as medidas de loxitude, a familia do dez, do vinte, do trinta e do cuarenta e iniciarémonos nas sumas e nas restas.	17	35	X		
2	Algoritmos básicos	Nesta unidade abordaremos os diferentes tipos de liñas (rectas e curvas), a familia do 50 e resolución de problemas sinxelos. Continuamos practicado sumas e restas.	17	35	X		
3	Agárrate que veñen curvas!	Nesta unidade abordaremos a comparación numérica, a familia do sesenta. Continuaremos coas sumas e restas, a resolución de problemas. A identificación de datos relevantes a partir dunha imaxe, os días da semana, as horas e a nosa orientación espacial.	17	31		X	
4	Cantos problemas!	Veremos a familia do 70, 80 e do 90. Continuaremos coas sumas e restas. Comezaremos a establecer os pasos para a resolución de problemas, destacando a importancia da identificación de datos relevantes do enunciado.	17	32		X	
5	Facendo medicións	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta unidade. Coñecerán os números ordinais, continuaremos con sumas e restas e coa comprensión de enunciados e resolución de problemas. Abordaremos o emprego do diñeiro	16	24			X
6	Sexamos xustos	Nesta unidade o alumnado apliará todo o aprendido ao longo do curso. Traballaremos a escrita dos números, o número 100. Iniciarémonos na multiplicación por 0 e 1. E representaremos gráficamente o resultado dos problemas. Veremos unidades de medida como o litro e o kg.	16	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cantas cousas!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.	PE	50
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Identifica as matemáticas nas situacións da vida cotiá.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	50
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Desenvolve o rol asignado no equipo de traballo.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñece as emocións básicas ante os novos retos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñece as emocións básicas ante os novos retos.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresa actitudes positivas ante as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Educación financeira - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións

Contidos

- Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de pinchos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción...
- Crenzas, actitudes e emocións
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Algoritmos básicos	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas.	Identifica, entre varias, a solución adecuada a un problema.	PE	30
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende as preguntas formuladas empregando diferentes estratexias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obte de forma guiada a solución a problemas.	TI	70
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas sinxelas.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Enumera os pasos a seguir para a resolución dunha tarefa.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica de forma verbal os pasos seguidos para a resolución dunha actividade.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresa actitudes positivas ante os retos matemáticos.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñece a linguaxe matemática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Magnitude - Estimación e relacións - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo. - Relacións e funcións - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
3	Agárrate que veñen curvas!	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Identifica a estratexia máis axeitada na resolución dun problema.	PE	40
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece números, figuras, medidas, operacións e posicións.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Identifica relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.	TI	60
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa respectuosamente no traballo en equipo.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa respectuosamente no traballo en equipo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Desenvolve o rol asignado no equipo de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Magnitude - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a compresión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
4	Cantos problemas!	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter de forma guiada a solución a problemas.	PE	30
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter de forma guiada a solución a problemas.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Identificar a estratexia máis axeitada na resolución dun problema.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter de forma guiada a solución a problemas.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.	TI	70
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Adquire paulatinamente vocabulario matemático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer e vincular as matemáticas a situacións cotiás.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Magnitude - Localización e sistemas de representación - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados. - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción... - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación

Contidos
- dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Crenzas, actitudes e emocións - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
5	Facendo medicións	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende as preguntas formuladas empregando diferentes estratexias.	PE	35
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	65
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formula problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identifica as conexións entre os novos contidos.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece a importancia das matemáticas na vida cotiá.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Indica a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.

Contidos

- Sentido das operacións.
- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
 - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
 - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Educación financeira
 - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE
- Magnitude
 - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.
- Estimación e relacións
- Localización e sistemas de representación
 - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Relacións e funcións
 - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
6	Sexamos xustos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Proporciona exemplos na resolución de problemas.	PE	60
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obten de forma guiada a solución a problemas.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Proporciona exemplos na resolución de problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias con axuda para a resolución de problemas.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñece linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.	TI	40
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indica a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describe paso a paso actividades sinxelas da vida cotiá vinculadas coas matemáticas.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Identifica a relación e importancia das matemáticas na súa vida.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identifica relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe - Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regrestas e con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de

Contidos

- situacións cotiás.
- Educación financeira
- Magnitude
 - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
 - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.
 - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial.
- Medición
 - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
 - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (reglas, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.
- Estimación e relacións
- Relacións e funcións
 - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas e actividades de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa, partindo sempre dos coñecementos previos, intereses e experiencias cotiás que doten de significado aos contidos. Así mesmo, empregaranse materiais manipulativos que fagan estes aprendizaxes máis vivenciais.

Empregarase estratexias de traballo tanto individual e de equipo de xeito que poidamos detectar as posibles dificultades que vaian xurdindo e que do mesmo xeito poidan contar tamén coa axuda das súas compañeiras e compañeiros. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

O xogo terá un importante papel para achegar ao alumnado aos novos contidos, así como para repasar e reforzar aqueles xa traballados.

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade, avanzaremos pouco a pouco segmentando os problemas, incidindo previamente no coñecemento dos algoritmos básicos, na comprensión lectora e identificación de informacións relevante para abordar os problemas, un desafío para o alumnado, que require que fagan uso dos seus coñecementos previos, que incorporen datos de outras áreas, que elaboren novos coñecementos ou modifiquen os adquiridos. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei ?, que hipótese fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería telo resolto doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adaptará cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario...

Os grupos de traballo en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, regletas, base dez, pezas de construción, corpos xeométricos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paus, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe. E a súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensinanza coma de aprendizaxe. Os resultados da avaliación, incluíndo a inicial, vanos proporcionar información para poder tomar decisións sobre axustar, revisar ou modificar.

Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escalas de valoración, diarios, anecdóticos, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os ítem ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	50	30	40	30	35	60	41
Táboa de indicadores	50	70	60	70	65	40	59

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

*1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

****5,6,7,8,9 décimas:** ao número enteiro engádeselle 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota trimestral será a media aritmética das unidades didácticas correspondentes a dito trimestre e a nota final corresponderase coa nota do 3º trimestre atendendo a unha avaliación continua.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Así mesmo, cando o progreso do alumnado non sexa o adecuado estableceránse medidas de reforzo educativo.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa nun área ao finalizar o curso, o alumnado recibirá os apoios necesarios para recuperar os aprendizaxes que non alcanzase.

No caso do alumnado Neae o proceso de avaliación adaptárase as súas necesidades.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A principio de cada curso, o Departamento de Orientación fará unha valoración do alumnado. Para priorizar a organización dos apoios destes alumnos/as seguiranse os criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. O equipo de orientación formado pola orientadora, a mestra de PT e a mestra de AL reuniranse de xeito periódico en diferentes momentos da semana para a coordinación do traballo.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo os reforzos educativos necesarios, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Estas sempre e cando se agoten as anteriores.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Empregaránse diferentes técnicas e instrumentos para avaliar ao alumnado, tentando que unha única proba non avalíe todo o proceso.
- Os materiais serán variados para adaptarnos as características individuais do grupo.
- Aqueles nenos e nenas que o precisen terán o apoio dos especialistas de PT e AL.
- Coordinación coas familias para abordar as dificultades do alumnado e establecer medidas conxuntas.
- Protocolos da consellería a desenvolver co alumnado que amose dificultades.
- Dotar ao alumnado das ferramentas e as estratexias necesarias para un estudo efectivo e autónomo.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes ou aplicacións dixitais, entre outras.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

En todo momento buscarase unha escola inclusiva, que valore a diversidade como elemento enriquecedor e fomenta a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de Educación Infantil e a etapa de Educación Primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espírito do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ditos elementos transversais serán abordados ao longo do curso sen prexuízo de que sexan tratados noutras áreas e momentos

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Programadas polo EAEC		X	
Conmemoración	Celebración das conmemoración recollidas no calendario escolar e aprobadas polo claustro.	X	X	X
Excursión de fin de curso	Planificada polo ciclo onde se engloba parte didáctica e de ocio.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Adecauación do nivel de dificultade as necesidades do alumnado.
Adecuación da temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos e estratexias multinivel variadas.
Medidas de atención á diversidade
Atención a diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación entre os membros da comunidade educativa que interveñen directamente co alumnado.

Descrición:

É preciso avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como a propia práctica docente para poder adecuar as diferentes propostas ao grupo. Cada nena e cada neno é un ser individual o que fai que cada grupo-clase sexa diferente, polo que é preciso valorar como se transmiten os diferentes coñecementos e como estes chegan ao alumnado, para desta forma, poder adaptar a nosa práctica as súas necesidades e dar respota a variedade da aula. Así mesmo, isto implica unha mellora na nosa práctica docente, unha actualización e unha reciclaxe constante. Dita avaliación realizarase trimestralmente e ao finalizar o curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados